

# ENTROIDO 2017 Concello de Muros

## CONCURSO DE COMPARSAS

### Domingo 26 de febreiro

O Domingo de Entroido, día 26 de febreiro, terá lugar en Muros o Concurso de Comparsas, que se rexerá polas seguintes

#### BASES

1/ Poderán participar tódalas asociacións, comunidades, colectivos e grupos de persoas que o desexen

2/ As comparsas deberán de estar formadas por un mínimo de 5 persoas. Establécense dúas categorías: grupos, de 5 a 14 persoas e comparsas, a partir de 15 persoas.

3/ As inscricións das mesmas farase no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, ou a través do teléfono 981762294, dende o día 30 de xaneiro ata o 24 de febreiro ás 14:00 horas. Nas inscricións, cada comparsa tén que nomear un representante, do que aportarán nome completo, NIF e teléfono de contacto, quen ha de asinar a solicitude e aportar a documentación administrativa que se require para efectuar o pago dos premios.

4/ As comparsas deberán de presentarse na Virxe do Camiño o día 26 de febreiro ás 16:45 horas, xa debidamente ataviadas. A orde de participación será primeiro os grupos e últimos as comparsas; e dentro de cada categoría a inversa que a orde de inscrición.

5/ O desfile dará comezo ás 17:00 h dende a Virxe do Camiño ata o Curro da praza, Muros; e deberá seguir o ritmo e percorrido que marque a charanga que encabece o desfile.

6/ A actuación de cada comparsa no palco non poderá exceder os 10 minutos de duración, o contrario supoñerá penalización.

7/ Os premios a outorgar son os seguintes:

Categoría GRUPOS		Categoría COMPARSAS	
1º PREMIO	500 €	1º PREMIO	1.500 €
2º PREMIO	250 €	2º PREMIO	700 €
3º PREMIO	125 €	3º PREMIO	300 €
		4º PREMIO	150 €

Faranse efectivos por transferencia bancaria, no número de conta que indiquen na solicitude, na semana posterior ao concurso. Aos que superen os 300 € aplicaráselle a correspondente retención, segundo o regulamento do IRPF

De conformidade co artigo 11 da Lei Xeral de Subvencións poderán acceder á condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo a devandita actividade.

Cando se trate de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorrese o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 desta lei. No caso de non especificar o reparto de compromisos entre cada membro e o importe da subvención a aplicar a cada un deles imputaráselle todo ao representante.

8/ O Xurado estará composto por:

Presidenta: Ilma. Sa. Alcaldesa, ou concelleiro/a no que delegue

Vogais: Sete persoas relacionadas co mundo das artes, a cultura tradicional, os medios de comunicación, a hostalería e a participación cidadá.

9/ O fallo do Xurado darase a coñecer ao remate das actuacións no palco. Valorarase a creatividade dos disfraces, caracterización dos seus compoñentes, a posta en escena durante o desfile, a representación no escenario, a carroza e as murgas ou coplas. A puntuación de cada comparsa ou grupo será o resultado da suma da valoración de cada membro do xurado, que puntuará de 10, (puntuación máxima) a 1, (mínima), a cada unha delas por orde.

10/ A decisión do Xurado será inapelable.

11/ A participación no concurso supón a aceptación destas bases